

NOMEAMENTO PERSOAL FUNCIONARIO: ENXEÑARÍA DE MONTES ENXEÑARÍA TÉCNICA FORESTAL

Santiago de Compostela 10/01/25

Publicadas hoxe, en DOG, as resolucións polas que se procede ao nomeamento como persoal funcionario das persoas aspirantes que superaron os procesos selectivos, tanto de **acceso libre** como de **estabilización**, nos corpos facultativos seguintes:

- [Corpo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñaría, especialidade de enxeñaría de montes.](#)
- [Corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de enxeñaría técnica, especialidade de enxeñaría técnica forestal.](#)

Procedese ao nomeamento como persoal funcionario de carreira nos ditos corpos facultativos ás persoas aspirantes aprobadas que se relacionan no anexo destas resolucións, ordenadas de acordo coa puntuación final obtida, adxudicándoselles **destinos provisionais** segundo o disposto na base IV.6, os que figuran no mesmo anexo.

Para adquiriren a condición de persoal funcionario de carreira, as persoas a que se refire o anexo desta resolución **deberán**:

- Cumprir os requisitos exixidos no **artigo 60 da Lei 2/2015**, e
- **Tomar posesión** do correspondente posto de traballo no **prazo dun mes**, a partir do **11/01/2025**

No caso de que a persoa aspirante se atope en **situación de incapacidade temporal**:

- O **prazo** para a toma de posesión comezará **a partir do día seguinte hábil á data de finalización da baixa médica**, que deberá acreditar, **Exceptuase** do anterior as situacións derivadas da **maternidade ou paternidade**, en que poderán tomar posesión durante esta situación.

